

1 Fíxate nesta carta e coloca cada parte no seu lugar.

Despedida	Sinatura	Saúdo	Lugar e data
-----------	----------	-------	--------------

Lugo, 21 de setembro de 2020

Querido Xulio:

Hai unhas semanas que comezou o curso. A nosa mestra chámase Uxía e é moi simpática. Teño dous compañeiros novos:

Mariña e Hassan. Mariña antes ía á escola de Ribadeo, pero agora vive en Lugo porque os seus pais cambiaron de traballo. Hassan vén de Marrocos e non sabe a nosa lingua. Fixémonos amigos e xa aprendeu algunhas palabras.

E ti, como comezaches o curso? Espero que tan ben coma min.

Unha aperta,

Afonso

2 Le de novo a carta e contesta as preguntas.

a) Quen escribiu a carta? A quen vai dirixida?

b) Como se chaman os compañeiros novos?

3 Escribe na orde que aparecen e sen repetir as palabras do texto que están en maiúscula.

.....

.....

4 Une con frechas os puntos da carta.

Punto e seguido

Punto e á parte

Punto final

5 Completa o abecedario coas letras maiúsculas.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23
A	B				F						N					R						
a	b	c	d	e	f	g	h	i	l	m	n	ñ	o	p	q	r	s	t	u	v	x	z

6 Escribe as cinco vogais.

.....